

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D^a.M^a Luisa Pernas Quelle (BNG) D.

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

Ausentes: D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as deza oito horas do día vinteun de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º E ÚNICO. – PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA SOLICITAR ANTE A DELEGACIÓN DA AGENCIA TRIBUTARIA DE FOZ (LUGO), A DELEGACIÓN DA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS RELATIVA Á CUOTA MUNICIPAL DO CONTRIBUENTE ALUMINIO ESPAÑOL S.A . ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno da proposta de Alcaldía obrante no expediente que a seguir se transcribe integramente:

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, na súa condición de Alcalde do Concello de Xove (Lugo), ten a honra de formular a seguinte proposta ó Pleno:

Epígrafe.- Solicitud delegación da inspección no Imposto sobre Actividades Económicas.

Conforme ó réxime establecido pola Lei de Facendas Locais (RDLex 2/2004, de 5 de marzo) en diante TRLHL, o lexislador previu tanto para o IAE como para o IBI, unha xestión bifronte, por un lado establecíanse unhas competencias denominadas de xestión censal (xestión catastral para o IBI) e unhas competencias de xestión tributaria; as primeiras, asignounas, polo que respecta ó IAE, á Administración tributaria do Estado (art. 91.1 TRLHL):

«1. A formación da matrícula do Imposto, a cualificación das actividades económicas, o sinalamento das cotas correspondentes e, en xeral, a xestión censal do tributo levarase a cabo pola Administración tributaria do Estado. »

As segundas, ás respectivas entidades locais. Así o apartado 2 do artigo 91 do TRLHL sinala:

«2. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto levarase a cabo polos concellos e comprenderá as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a información e asistencia ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado. »

Pola súa banda, o artigo 18 do RD 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se ditan as normas de xestión do IAE, dispón, expresamente, *«que a inspección do Imposto sobre Actividades Económicas levarase*

a cabo polos órganos competentes da Administración tributaria do Estado». Con todo, sinala no apartado 2 do citado artigo, que dita competencia poderase atribuír, no caso que aquí interesa, ós Concellos, nos termos que se dispoñan polo Ministerio de Economía e Facenda.

Os termos da delegación atópanse desenvolvidos na Orde de 10 de xuño de 1992, e nela establécense os requisitos que deben cumprir os municipios interesados na súa solicitude e, entre outras, non ter delegado as competencias de xestión tributaria do imposto.

A delegación comprende (art. 5 da Orde – en diante OM-) todas as previstas polo artigo 17.1 do Real Decreto 1172/1991, de 26 de xullo – na actualidade 18.1 do RD 243/1995, de 17 de febreiro- polo que se ditan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas, alcanzando a todos os períodos impositivos non prescritos, con exclusión das actuacións inspectoras xa iniciadas polos órganos da Administración Tributaria do Estado respecto ós suxeitos pasivos e períodos ós cales se estendan.

A motivación da solicitude, por parte do municipio, da delegación da inspección é clara: a inspección revélase como un instrumento perfecto para reducir as perdas de recadación. Iso, porque ben dirixida, mellora o rendemento económico dos impostos obxecto de comprobación ó aumentar as súas bases impositivas sen aumentar a presión fiscal. Dado que non consta que a AEAT tivera realizado, nestes anos de existencia do IAE, actividade tendente á comprobación e inspección do imposto, é convinte que o municipio asuma ditas funcións por simple interés económico e convencemento de que *«é imprescindible a actividade inspectora e comprobatoria da Administración tributaria, xa que de outro modo produciríase unha distribución inxusta na carga fiscal, pois o que uns non paguen debendo pagar, terano que pagar outros con máis espírito cívico ou con menos posibilidades de defraudar.»* (Sentenza do Tribunal Constitucional de 26 de abril de 1990, fundamento xurídico 3º).

A regulación legal da delegación intersubxectiva atópase nos artigos 7 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local. O obxecto da delegación é a prevista no artigo 92.3 TRLHL, consistente no exercicio da competencia inspectora no IAE referida ós supostos de tributación por cota municipal.

A delegación alcanzará a todos os períodos impositivos non prescritos, con exclusión das actuacións inspectoras xa iniciadas polos órganos da Administración Tributaria do Estado (art. 5 OM). A solicitude debe formularse ante a Delegación da Axencia Tributaria con anterioridade ó 1 de outubro do presente ano (artigo 18 do RD 243/1995).

Corresponde ó Pleno da Corporación, a solicitude, de acordo co disposto no art. 22.2.g) LBRL.

Visto o expediente e a lexislación aplicable, o Pleno da Corporación, acorda:

Único: Solicitar ante a Delegación da Axencia Tributaria de Foz (Lugo), a delegación da inspección do Imposto sobre Actividades Económicas relativa á cota municipal do contribuínte ALUMINIO ESPAÑOL S.A. con CIF A36006260 (Epígrafes 2251; 313, 346 e 7451) toda vez que a xestión tributaria do Imposto de Actividades Económicas para o resto de contribuíntes está delegada na Deputación Provincial de Lugo.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse ás razóns que motivan a proposta anteriormente transcrita.

Rematado o debate, o concello Pleno por unimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar a proposta de Alcaldía do epígrafe anteriormente transcrita na súa integridade.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as deza oito horas e vinte minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo

